

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE CONTEDORES SOTERRADOS NO CONCELLO DE LUGO. ACTUACION INCLUÍDA NO PROXECTO URBAN (INICIATIVA URBANA) CO 70% DE COFINANCIACION DA UNIÓN EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013) (Proxecto nº 09UR3201 URBAN contenedores soterrados recollida selectiva. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN.

ANTECEDENTES

I. Prego de condicións técnicas que rexerá a subministración e instalación de contedores soterrados no Concello de Lugo segundo as características sinaladas no prego de condicións técnicas elaborado pola Directora do Proxecto URBAN e mailo enxeñeiro de montes do Servizo Municipal de Medio Ambiente

III. Informe de Intervención de data 4 de abril de 2011 no que se fai constar, entre outros aspectos, a existencia de consignación orzamentaria na partida 24400.62500 por importe de 227.048,28 euros

IV. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación de referencia redactado polo servizo de contratación do Concello.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

- Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O presente contrato pode ser cualificado como un contrato mixto de subministración e instalación recollido e regulado no artigo 12 LCSP, xa que o seu obxecto é a subministración e instalación de contedores soterrados no Concello de Lugo e que inclúe tamén a realización de obra civil.

Para os efectos da cualificación e aplicación das normas que o regulen atenderase ó carácter da prestación que teña mais importancia dende o punto de vista económico, que neste caso é a subministración, tal e como se desprende do propio prego de condicións técnicas.

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 99 da LCSP e 67.3 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, previsto e regulado polos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP. No prego de cláusulas administrativas particulares determinanse os criterios de adxudicación e aspectos económicos e técnicos, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP.

Terceira. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda apartado 3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndellen as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local no apartado 3 da disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, e a normativa específica de aplicación, propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

PRIMEIRO. Aprobar a CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE CONTEDORES SOTERRADOS NO CONCELLO DE LUGO. ACTUACION INCLUÍDA NO PROXECTO URBAN (INICIATIVA URBANA) CO 70% DE COFINANCIACION DA UNIÓN EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013) (Proxecto nº 09UR3201 URBAN contenedores soterrados recollida selectiva)

SEGUNDO. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación sinalada no parágrafo anterior, do seguinte teor literal:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE CONTEDORES SOTERRADOS NO CONCELLO DE LUGO. ACTUACION INCLUÍDA NO PROXECTO URBAN (INICIATIVA URBANA) CO 70% DE COFINANCIACION DA UNIÓN EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013) (Proxecto nº 09UR3201 URBAN contenedores soterrados recollida selectiva)

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a subministración e instalación de contedores soterrados no Concello de Lugo segundo as características sinaladas no prego de condicións técnicas elaborado pola Directora do Proxecto URBAN e mailo enxeñeiro de montes do Servizo Municipal de Medio Ambiente. Esta actuación está incluída no Proxecto Urban (iniciativa urbana) co 70% de cofinanciación da Unión Europea a traveso do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER GALICIA 2007-2013) (PROXECTO Nº 09UR3201 URBAN contenedores soterrados recollida selectiva)

CPV: 28213800-6 Contenedores para residuos

CNAE 2009.- 38.1 Recollida de residuos

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato mixto de subministración e instalación, recollido e regulado no artigo 12 da LCSP e que ten por obxecto a subministración e instalación de

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

contedores soterrados no Concello de Lugo e que inclúe tamén a realización de obra civil. Non obstante, para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen atenderase ó carácter da prestación que teña mais importancia dende o punto de vista económico que neste caso é a subministración (artigo 9 LCSP)

Para a lexislación aplicable, deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos da mesma.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto neste prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo máximo para a subministración e instalación dos contenedores obxecto deste contrato será de CORENTA DÍAS HÁBILES dende a data de formalización do contrato administrativo.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

O valor estimado do contrato é de 192.413,80 € , polo que aplicado o 18% IVE (34.634,48 euros) resulta un presuposto total de 227.048,28 euros IVE incluído. Non obstante o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 24400.62500 do orzamento xeral de 2011. O gasto deste contrato está financiado nun 70% pola Unión Europea a traveso do FEDER e o 30% financiado polo Concello de Lugo.

Dada a duración do contrato, non procederá a revisión de prezos.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR

Este contrato adxudicarase polo procedemento aberto , previsto e regulado polos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 43 e seguintes da LCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuirá a plena representación ante

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, se é o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou do inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia técnica poderá ser xustificada por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Relación das principais subministracións realizadas nos últimos tres anos que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, deles. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.
- b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

- c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.
- d) Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, en nome deste, por un organismo oficial competente do Estado no que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo, cando os produtos para subministrar sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. O control versará sobre a capacidade de produción do empresario e, se fose preciso, sobre os medios de estudo e investigación de que dispoña e sobre as medidas de control de calidade.
- e) Mostras, descricións e fotografías dos produtos para subministrar, cuxa autenticidade poida certificarse a petición da entidade do sector público contratante.
- f) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas.

SÉTIMA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 91 da LCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adjudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 135.2 da LCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 84 LCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refª: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.

c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

OITAVA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil. O mesmo tratamento terá no caso de recaer o ultimo día en 24 e 31 de decembro ou 22 de maio Santa Rita

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición en **dous sobres pechados**, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras coas letras A - Documentación administrativa, e letra B – Oferta económica e relativa a criterios avaliáveis automáticamente.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil. O mesmo tratamento terá no caso de recaer o ultimo día en 24 e 31 de decembro ou 22 de maio Santa Rita

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

O sobre denominado A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, conterà, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado pola titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios do Servizo de Contratación do Concello habilitados para o efecto. Para isto, presentárase orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, das 9,30 ás 14,00 horas, de luns a venres. Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica e profesional polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

- Declaración responsable do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional, na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentado, antes da adxudicación, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias estatais pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria e respecto ás obrigas coa

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- Presentación da alta e, se é o caso, do derradeiro recibo do imposto sobre actividades económicas.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo funcionario responsable do Negociado de Rexistro deste Excmo. Concello.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que achegar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do Acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, se non, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade.

- Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que achegar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

O sobre denominado B, Oferta económica e relativa a criterios avaliados automáticamente, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con enderezo en e DNI número....., expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar,

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF número, fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación da **SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE CONTEDORES SOTERRADOS NO CONCELLO DE LUGO. ACTUACION INCLUÍDA NO PROXECTO URBAN (INICIATIVA URBANA) CO 70% DE COFINANCIACION DA UNIÓN EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013) (Proxecto nº 09UR3201 URBAN contenedores soterrados recollida selectiva)**

b) Propón como **prezo do contrato** a cantidade de euros mais o IVE (..... euros) resultando un prezo total ofertado de euros

TIPO DE ILLA DE COLECTORES	NÚMERO DE ILLAS	PREZO UNITARIO (SEN IVE)	IMPORT E TOTAL
	A	B	C = A * B
Illa de colectores formada por 1 equipo con colector de papel de 3 m3 de capacidade, 1 equipo con colector de vidro de 3 m3 de capacidade, 1 equipo con capacidade para 2 colectores de carga traseira de 1000 l. de capacidade. Recubrimento de baldosa de granito.	3		
Illa de colectores formada por 1 equipo con capacidade para 2 colectores de carga traseira de 1000 l. de capacidade. Recubrimento de baldosa de granito.	2		
TOTAL			
IVE 18%			
TOTAL			

c) Propón un **aumento do prazo de garantía** sobre o mínimo de dous anos exixibles de días/meses/anos (indicar o que proceda)

d) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refª: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

e) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

O licitador deberá acompañar neste sobre toda a documentación sinalada na cláusula 3ª e 7ª do prego de condicións técnicas.

O licitador poderá acompañar á súa oferta canta documentación complementaria estime conveniente para a mellor comprensión e xustificación da mesma.

RECOMENDACIÓN SOBRE A FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN:

1º.- En aras a simplificar e facilitar a avaliación das ofertas, prégase das empresas licitadoras que presenten unicamente a documentación necesaria para a valoración das ofertas, abstendose de achegar folletos publicitarios das empresas ou outra documentación que nada engada á valoración. Se é o caso solicitarase as aclaracións oportunas por parte do técnico competente.

2º.- A documentación presentarase de modo que se facilite o seu arquivo en archivadores para folio prolongado (388x275x116 mm) polo que non incorporarán carpetas de anillas ou outros contenedores. Pregase asimismo que a documentación se entregue numerada, con índice e preferentemente impresa a dobre cara.

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓN

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego.

VOCAIS:

- O Concelleiro Delegado da Área de Medio Ambiente e Zona Rural.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor Xeral ou funcionario/a que o substitúa
- A titular da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

O acto público de apertura das ofertas económicas (sobre B) celebrarse ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os **criterios de adxudicacion** para a selección da empresa adxudicataria serán os seguintes:

1.-OFERTA ECONÓMICA (máximo 80 puntos).

Valorarase con 0 puntos as propostas que oferten o prezo de licitación. Darase 80 puntos á oferta máis baixa. As demais propostas valoraranse de forma proporcional lineal.

2. AUMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA (máximo 20 puntos).

Darase 20 puntos á oferta que presente o maior aumento do prazo de garantía sobre o mínimo esixible (dous anos), 0 puntos os que non oferten aumento do prazo e as demais valoraranse de forma proporcional lineal.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que , dentro do prazo de déz días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumplimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

O órgano de contratación adjudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adjudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 139 da LCSP.

DÉCIMO CUARTA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adjudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adjudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que se é o caso houberse esixido.

Antes da formalización do contrato a empresa adjudicataria deberá achegar xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executarase con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste, dera ó contratista o responsable

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refª: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

do contrato designado polo Concello (enxeñeiro de montes do servizo municipal de medio ambiente), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP.

Cando as instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. A modificación deste contrato suxeitarase ó disposto no artigo 202 da LCSP así como polo disposto no título V do Libro I (artigos 92 bis a 92 quinquies) da LCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 210 da LCSP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 211 da LCSP.

5.- Os gastos que se deriven dos embalaxes, portes, certificados, lona informativa, etc... serán por conta do adxudicatario.

DÉCIMO SEXTA- RECEPCIÓN DOS CONTENEDORES SOTERRADOS

O adxudicatario deberá subministrar e instalar os bens obxecto do contrato dentro do prazo de execución establecido na cláusula terceira. A tal efecto deberá notificar por escrito ó responsable do servizo cunha antelación mínima de 48 horas o calendario de instalación de cada contenedor, non sendo responsable o concello dos vicios ou defectos que tiveran os bens motivada pola entrega dos mesmos sen previo aviso.

A mora do adxudicatario non precisará de previa intimación por parte do Concello.

O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou perxuízos ocasionados ós bens antes da súa entrega ó Concello.

No momento da entrega e instalación levantarase a correspondente acta de recepción. Se os bens non estivesen en estado de ser recibidos farase constar así na acta e daranse as instrucións oportuns ó contratista para que subsane os

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

defectos observados ou se proceda a un novo subministro de conformidade co pactado.

Establecese un prazo mínimo de garantía de DOUS anos contados a partir da data de recepción do subministro, sen prexuízo da ampliación do prazo ofertado pola empresa adxudicataria. Durante este prazo o adxudicatario está obrigado a substituir , corrixir ou reparar as pezas ou elementos que presenten defectos de fabricacion, instalacion ou funcionamento.

Non procederá a devolución da garantía ata a terminación total do contrato.

DÉCIMO SÉTIMA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato (300 euros máximo) serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase así mesmo obrigado, se fose necesario, ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO OITAVA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo.

- O contratista comprométese a adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou ós que teñan acceso co fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado e a gardar sigilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Concello de Lugo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertase un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais. Está obrigado a cumprir o establecido na cláusula 4^a - Seguridad- dos pregos de condicións técnicas.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

O incumprimento das obrigas sinaladas nesta cláusula por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó concello de lugo por toda cantidade que se vise obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se impoña por resolución xudicial ou administrativa.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

Ós efectos do establecido no artigo 206 as obrigas establecidas nesta clausula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución.

A comprobación do cumprimento destas obrigas realizarase por parte do concello polo que se requerirá da empresa contratista a presentación de certificados de atoparse ó corrente coa seguridade social e coa administración tributaria tanto estatal como autonómica ou calquera outra documentación adecuada a tal fin.

DÉCIMONOVENA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS. LONA INFORMATIVA.

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente a este prego, ó prego de condicións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no LCSP e calquera outra normativa aplicable.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

Namentres duren as obras de instalación dos contedores colocarse unha **lona informativa visible** segundo o modelo de vallas de obra previsto para as actuacións desenvolvidas no marco do Proxecto URBAN. O custo destas lonas será a cargo da empresa contratista.

En todas estas actuacións de difusión teranse en conta as normas establecidas pola Comisión Europea para a difusión do cofinanciamento comunitario. Para asegurar o seu correcto cumprimento, calquera deseño de material terá previamente o visto bo da Oficina URBAN do Concello de Lugo

VIXÉSIMA. PAGAMENTO

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

O pagamento efectuarase contra factura unha vez executado o contrato e efectuados os controles regulamentarios correspondentes e conformadas polo enxeñeiro de montes do Servizo de Medio Ambiente, o Concelleiro Delegado da Área de Medio Ambiente así como polo Concelleiro Delegado da área de economía, emprego.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 275 da LCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

Ós efectos do artigo 206.g), consideranse obrigas contractuais esenciais cuio incumprimento dará lugar á resolución do contrato o incumprimento das obrigas sinaladas na cláusula décimo oitava (cumprimento das obrigas sociais e laborais)

VIXÉSIMO SEGUNDA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 310.2 da LCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no artigo 310, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:	
-----------------	--

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVICIO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º COMO MEMBRO DO SERVICIO MANCOMUNADO

*** Xuntar a acta de Constitución.**

3º TRABALLADOR DESIGNADO

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

FIRMA:

DATA:

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE COLECTORES SOTERRADOS co cofinanciamento do 70% da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (Proxecto nº 09UR3201 URBAN Colectores soterrados recollida selectiva)

O Concello de Lugo está a xestionar un Proxecto URBAN (Iniciativa URBANA) que conta cun 70% de cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) da Unión Europea. No eixe de intervención denominado "MEDIOAMBIENTE URBANO E REDUCCIÓN E TRATAMENTO DE RESIDUOS" contempla a instalación na zona de actuación de colectores soterrados que faciliten a recollida selectiva de residuos.

1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a subministración e instalación de colectores soterrados. Estes colectores soterrados poderán ser das seguintes fraccións: papel/cartón, vidro, envases lixeiros e fracción resto de residuos sólidos urbanos.

2. DESCRICIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN

A instalación dos colectores soterrados para a recollida selectiva de residuos realizarase nos seguintes lugares designados polo Servizo municipal de Medio Ambiente, tal como se reflicte nos planos adxuntos: Praza do Ferrol, Rúa Tte. Coronel Teijeiro, Praza da Soidade, Rúa Xoán Montes e Rúa Nóreas

En caso de xurdir algunha circunstancia (arqueolóxica ou outras) que obriguen a desprazar a instalación, realizaranse estas tarefas seguindo as instrucións dos técnicos municipais de Medio Ambiente facturando o total da obra civil executada segundo os prezos ofertados. Nese caso, logo de informe de técnicos municipais valorando as dificultades atopadas na instalación, o Concello podería renunciar á instalación dalgunha das illas, sen prexuízo de que o adjudicatario facture a obra civil executada. A parte vista da instalación deberá presentar identificacións características para papel/cartón, vidro, envases lixeiros e fracción resto, de modo que faciliten o seu uso a persoas con limitación visual (braille ou outro sistema gráfico), así como a bandeira europea, o anagrama do Concello de Lugo e o logo do Proxecto URBAN (Iniciativa URBANA) que serán achegados polo Concello de Lugo. Antes da súa instalación o Concello deberá dar a súa conformidade ao deseño e

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

composición gráfica que se propoña. Non se considerarán válidas as identificacións mediante adhesivos.

2.1. - OBRA CIVIL

Será por conta do adxudicatario a obra civil necesaria para a instalación dos colectores, incluíndose no prezo a reconstrución total da área afectada pola instalación, que deberá executarse nas mesmas calidades que as existentes previamente. A reconstrución realizarase executando as pendentes necesarias para evitar a entrada de auga nos fosos. O Concello de Lugo contratará -no seu caso- o control arqueolóxico da obra, e a reposición dos servizos afectados.

2.2. - CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DA INSTALACIÓN

Instalaranse equipos de recollida de residuos soterrados, nun foso de formigón, que albergue os colectores establecidos nas diferentes tipoloxías de illas definidas na Táboa 1. A elevación dos colectores realizarase mediante un sistema hidráulico de elevación da plataforma, con apertura automática de tapa ao ascender a plataforma. O sistema de elevación dos colectores realizarase mediante accionamento hidráulico conectando a central do camión de recollida mediante un enchufe rápido hidráulico. Os colectores, ao posicionarse en superficie, poderán ser tomados como un colector convencional de superficie, ben sexa mediante carga traseira ou carga con pluma, no caso das fraccións de papel-cartón e vidro.

En aplicación do principio de igualdade de oportunidades, o deseño destas instalacións adaptarase ao uso para persoas de mobilidade reducida e prestarase especial atención ao cumprimento da Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o seu regulamento e a Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas. Ningún elemento visto terá acabado metálico, sempre estarán pintados ou sometidos a outro tratamento similar.

A. - PREFABRICADOS UTILIZADOS:

- Formigón armado hidrófugo.

- Os ensaios realizados ás pezas seguirán as especificacións das seguintes normas:

* UNE 83-313-90 Medida da consistencia do formigón fresco. Método do cono de Abrams.

* UNE 83-301-91 Fabricación e conservación de probetas.

* UNE 83-303-84 Refrentado de probetas con morteiro de xofre.

* UNE 93-304-84 Rotura por compresión.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

B.- PLATAFORMA SUPERIOR:

- A plataforma superior do colector será unha plataforma peonil recubrible, fabricada de forma oca, co fin de darlle un acabado similar ao pavimento existente no Centro Histórico da cidade e co desnivel máximo permitido na normativa de accesibilidade para instalacións adaptadas. Deberá cumprir as especificacións técnicas da norma UNE-EN 13071-2.

C. - ESTRUCTURA FIXA:

- A estrutura estará fabricada enteiramente en chapa galvanizada sen soldaduras.
- A estrutura da plataforma de seguridade está fabricada con perfís estruturais galvanizados en quente segundo norma UNE EN-ISO 1461. Integrará unha bandexa desmontable para acceder ao colector e realizar o seu mantemento.
- O deseño do cerco da estrutura permitirá introducir o colector posicionándoo de forma correcta.
- Deberá cumprir cos requisitos de corrosión e resistencia da norma UNE-EN 13071-2.

D. - SISTEMA DE SEGURIDADE:

- Os colectores ofertados deberán cumprir os requisitos fixados pola norma UNE-EN 13071-2 en especial os relativos aos sistemas de seguridade.

E.- BUZÓNS:

- Fabricados en aceiro inoxidable e chapa galvanizada, e sometidos a un proceso de desengraxa, fosfatado, imprimado e pintado. Non terán acabados metálicos nin brillantes.
- No caso de ofertarse buzóns fabricados en aceiro ao carbono, a aplicación de pintura realizarase mediante un tratamento de cataforese.
- As bocas serán adecuadas ás características e forma habituais de depositar cada tipo de residuo e conformes coa normativa de accesibilidade para instalacións adaptadas.
- O buzón contará cunha porta traseira alternativa ao buzón convencional, con pechadura, destinado á entrega de residuos por parte de grandes produtores.

3. - DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

Na oferta presentárase como mínimo a seguinte documentación:

- Todos os alzados do sistema ao completo (colector, buzón ou pechadura exterior, plataforma peonil e arqueta), a planta, dúas seccións en ambos os

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

dous sentidos, coas oportunas e precisas anotacións e cantos gráficos e fotos que se consideren necesarios para a completa definición xeométrica do colector, así como unha descrición exhaustiva do sistema e os seus elementos de pechadura, reforzos, etc.

- Planos da obra civil a realizar, así como do conxunto daqueles elementos prefabricados que se vaian instalar.

- Respecto dos buzóns ou partes vistas, especificaranse as calidades (espesores e calidades), de todos os elementos que os compoñen, especialmente de tapas, fixacións e tornillería, así como do corpo do buzón. Detalle de porta de grandes produtores alternativa ao buzón comercial.

- Tipo de material (calidade e espesores) do corpo do colector, a plataforma peonil, pechadura exterior e a arqueta de revestimento, así como das partes metálicas que os compoñen.

- Describirase ademais o despezo do sistema, así como os prezos unitarios daquelas pezas que poidan ser susceptibles de ser substituídas por rotura, avaría ou desgaste. Estes prezos estarán vixentes durante o prazo de tres anos.

- Describiranse nun apartado independente as características técnicas dos colectores e da súa instalación, que fan destes un servizo adaptado ás persoas de mobilidade reducida ou con calquera outro tipo de diversidade funcional, especialmente no referente a: situación e alturas dos mecanismos, desniveis, sinalización, etc. conforme á normativa citada.

- Calquera mellora, tanto técnica como de deseño, que afecte á conservación, bo funcionamento, capacidade ou estética dos colectores.

- Toda aquela documentación que o licitador considere oportuno.

- Período de garantía do conxunto dos buzóns.

4.- SEGURIDADE

O adxudicatario achegará unha completa descrición de como realizar de forma segura as manobras necesarias para o transporte, colocación e descarga dos colectores por parte do servizo de recollida selectiva.

Ademais tamén achegará, se o tivese, o marcado CE dos colectores, xustificando en caso de ausencia de marcado, a non necesidade deste, mediante documentación de empresa acreditada.

O adxudicatario deberá cumprir en todo momento as normas de seguridade vixentes no Concello de Lugo.

O adxudicatario deberá presentar antes do inicio dos traballos, un Plan de Prevención que recollerá as operacións a realizar durante a instalación, a

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

maquinaria e equipos a utilizar, definindo as medidas de seguridade a considerar en cada momento.

O adxudicatario comprometerase a cumprir toda aquela normativa sobre prevención de riscos laborais que lle sexa aplicable, a cal está constituída tal e como se expresa no artigo 1 da Lei de Prevención de Riscos Laborais (Lei 31/95), pola citada lei e a súa modificación Lei 54/2003, así como polas súas disposicións de desenvolvemento ou complementarias e cantas outras normas, legais ou convencionais, conteñan prescricións relativas á adopción de medidas preventivas no ámbito laboral ou susceptibles no devandito ámbito. En particular o adxudicatario deberá satisfacer os seguintes requisitos de seguridade:

- Designar un responsable de seguridade con capacidade abonda para vixiar e facer cumprir as medidas de protección definidas no Plan de Prevención aprobado. Esta designación entregárase por escrito no Concello de Lugo.
- Entregará unha Avaliación de Riscos e Planificación da Actividade Preventiva relativa aos traballos a realizar.
- Entregará ao Concello de Lugo toda a documentación relativa aos medios necesarios que utilizarán os traballadores durante o desempeño das súas tarefas, así como a formación recibida por estes para o seu manexo e a designación por parte do adxudicatario daqueles traballadores autorizados a usala.
- Subministrará ao persoal os equipos e pezas de seguridade regulamentarias que sexan necesarias, presentando no Concello de Lugo os xustificantes oportunos.

Por incumprimento das Normas de Seguridade establecidas o Concello de Lugo poderá adoptar as medidas sancionadoras que considere oportunas, por exemplo a suspensión temporal ou definitiva da prestación do servizo a aqueles/as traballadores/as que incumpran as Normas de Seguridade establecidas, ou poñan en situación de risco a súa seguridade o a doutros/as traballadores/as.

5.- VARIANTES

Non se admiten variantes.

6.- PRAZO DE ENTREGA

O prazo de subministración e instalación dos colectores non poderá exceder de corenta días hábiles a partir da data de formalización do contrato administrativo.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refª: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

7. - OFERTA ECONÓMICA

A oferta económica conterá os seguintes datos sobre os prezos:

7.1. - PREZO UNITARIO PARA CADA ILLA

A oferta presentarase axustándose ao modelo da TÁBOA 1 ofertando un prezo unitario para a subministración e instalación de cada unha das illas. Establécese un importe máximo de 192.413,80 € (227.048,28 € con IVE incluído).

TÁBOA 1

TIPO DE ILLA DE COLECTORES	NÚMERO DE ILLAS A	PREZO UNITARIO (SEN IVE) B	IMPORT E TOTAL C = A * B
Illa de colectores formada por 1 equipo con colector de papel de 3 m3 de capacidade, 1 equipo con colector de vidro de 3 m3 de capacidade, 1 equipo con capacidade para 2 colectores de carga traseira de 1000 l. de capacidade. Recubrimento de baldosa de granito.	3		
Illa de colectores formada por 1 equipo con capacidade para 2 colectores de carga traseira de 1000 l. de capacidade. Recubrimento de baldosa de granito.	2		
TOTAL (máximo 192.413,80 €)			
IVE 18%			
TOTAL (máximo 227.048,28 €)			

7.2. - PREZO UNITARIO DESCOMPOSTO PARA CADA TIPO DE ILLA

Distinguirase o prezo de instalación (detallando prezos unitarios e medicións de obra civil) e o de subministración, desglosando en este os distintos elementos que compoñen cada unidade, tomando os devanditos prezos como prezos de subministración de recambios durante un prazo de tres anos dende a instalación e aceptación por parte do Concello da subministración que recolle este contrato.

Do mesmo modo, no momento da instalación poderíase variar algún elemento (por exemplo, tipo de tapas) aplicando o prezo que corresponda segundo o elemento instalado. Estas variacións non poden facer que o prezo final sexa superior ao importe de adxudicación.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

8. - CRITERIOS DE VALORACIÓN DA OFERTA

Examinaranse as ofertas presentadas, proponendo a adxudicación a favor da oferta que resulte máis conveniente segundo os seguintes criterios:

- Prezo. Consideración máxima do 80% sobre o total. Valorarase con 0 puntos as propostas que oferten o prezo de licitación. Darase 80 puntos á oferta máis baixa. As demais propostas valorarase de forma proporcional lineal.
- Prazo de garantía. Consideración máxima do 20% sobre o total. Considérase unha garantía mínima de dous anos (este prazo valorarase con 0 puntos). Darase 20 puntos á oferta que presente o maior prazo, sempre que sexa superior a dous anos. As demais propostas valorarase de forma proporcional lineal.

9. - MEDIDAS DE INFORMACIÓN Á CIDADANÍA

Mentres duren as obras de instalación dos colectores colocaranse unha lona informativa visible segundo o modelo de valla de obra previsto para as actuacións desenvolvidas no marco do Proxecto URBAN. O custo destas lonas será por conta do adxudicatario.

En todas estas actuacións de difusión teranse en conta as normas establecidas pola Comisión Europea para a difusión do cofinanciamento comunitario. Para asegurar o seu correcto cumprimento, calquera deseño de material terá previamente o visto bo da Oficina URBAN.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 227.048,28 euros con cargo á aplicación 24400.62500 do vixente Orzamento xeral.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 141 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Lugo, a 18 de abril de 2011

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta subministracion CONTENEDORES SOTERRADOS PROX URBAN

Asunto: subministracion e instalacion contenedores soterrados

A TÉCNICO DE ADMINISTRACION
XERAL

O XEFE DE SERVIZO DE
CONTRATACIÓN

Asdo. Ana Tabarés Martínez

Asdo. Manuel Louzao Aldariz

CONFORME
A CONCELLEIRA DELEGADA

Asdo. Sonia Méndez García